


INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2022/23 (curso avaliado: 2021/22)

R3 DO-0102 P1



INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAOS E MESTRADOS

CONVOCATORIA: 2022/23 (curso avaliado: 2021/22)

Centro	Facultade de Historia
Titulación/s	Grao en Xeografía e Historia Máster Univ. en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
Data	13/01/2023
Alcance de Información	1.- Rexistros do SGIC 2021-2022
	2.- Informe de Revisión pola Dirección aprobado no 2022
	3.- Información Pública
	4.- Plan de Melloras

0 Introducción. Aspectos clave

A revisión documental realizada no marco de este proceso de seguimento interno, **baséase nos procesos de avaliación externa desenvolvidos na Universidade de Vigo nos últimos cursos académicos** e nas principais debilidades xerais recollidas nos informes de avaliación recibidos, fundamentalmente de ACSUG.

Estas cuestións convértense en clave para afrontar coas máximas garantías os procesos de calidade, e principalmente fan referencia as seguintes cuestións:

- Sistematización das accións de mellora na aplicación informática. Nos informes de revisión pola dirección hai que recoller unha información mais ampla do estado de situación dos plans de mellora. Resaltan a importancia de establecer accións de mellora do centro no seu conxunto ademais das específicas das titulacións
- No informe de revisión pola dirección debe recollerse un apartado específico que analice a consecución das meta de calidade, a determinación de novas metas e sobre todo o intervalo temporal que se marca para acadalas.
- Desenvolvemento do procedemento de “*DE-01 Programación e Desenvolvemento Estratéxico*” que inclúe o deseño e implantación no centro do seu Programa Estratéxico, en liña co [Plan estratéxico da Universidade de Vigo](#)
- A dispoñibilidade da totalidade de rexistros de calidade na aplicación. Aqueles rexistros que non procedan debe facerse constar tal situación no apartado de observacións.
- A dispoñibilidade e actualización da información pública na páxina web do centro/título.
- A estrutura e homoxeneidade no análise dos graos e os másters no Informe de Revisión pola dirección

Este informe ten como obxectivo revisar para avanzar nesta áreas de melloras para mellorar os resultados nos vindeiros procesos externos. Trátase dun documento informativo no marco dunha revisión exclusivamente documental da aplicación SGIC, e polo tanto **non precisa dunha resposta**.

1 Rexistros do SGIC

A continuación, procederáse á revisión dos rexistros dispoñibles na aplicación SGIC do curso 2021-2022.

Os rexistros de centro e das titulacións, de xeito xeral, evidencian unha axeitada xestión. Os rexistros están completados e conteñen a información e a documentación anexa, excluindo estes rexistros:

- R1- PE02 P1-Resultados de avaliación docente definitivos (anuais): debido a que o proceso de avaliación está en fase provisional e non se enviarán os resultados antes do peche da aplicación. Recoméndase indicar no campo de observacións, que a información non esta dispoñible.
- R2 PE02 -Informe para responsables académicos: debido a que os informes están en proceso de realización. Neste caso, recoméndase engadir no campo de

observacións que os resultados se atoparán nesta ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia/programa-docentia>

2 Informe de Revisión pola Dirección (IRPD)

Neste apartado engádense recomendacións de mellora que xorden dos últimos informes de avaliación dos procesos de avaliación externa recibidos na Área de Calidade.

De xeito xeral, as comisións avaliadoras da ACSUG recomentan incluír no informe un epígrafe específico cunha reflexión global sobre a consecución dos obxectivos de calidade, co fin de visibilizar a súa avaliación, seguimento e actualización.

Valórase positivamente que as accións de mellora que xorden das reflexións dos criterios, estean rexistradas na listaxe de novas accións de mellora do informe e rexistradas na aplicación SGIC coa mesma denominación para a súa axeitada xestión.

Considérase unha boa práctica, a inclusión do auto informe de seguimento do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

As comisións avaliadoras tamén valoran de xeito positivo, que as reflexións do grao e dos másters teñan unha estrutura semellante, non presentando descompensacións, tanto en contido como en profundidade das reflexións recollidas.

3 Plan de Accións de Mellora

Neste capítulo procedese á revisión do plan coas accións de mellora do centro e das titulación oficiais que se imparten no centro, que están rexistradas na aplicación do SGIC da secretaria virtual.

3.1 Accións de mellora comezadas no curso 21-22

As 21 accións de mellora propostas no IRPD están rexistradas na aplicación SGIC.

Accións de Mellora	Nº Accións	Estado das accións
Facultade de Historia	3	2 Accións en Preparación e 1 finalizada
Grao en Xeografía e Historia	9	2 Accións en Preparación e 7 finalizadas
Máster Univ. en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	9	8 Accións en Preparación e 1 finalizada
Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	0	
Total	21	12 Accións en preparación 9 Accións finalizadas

3.2 Histórico das accións de mellora

	Curso 17-18	Curso 18-19	Curso 19-20	Curso 20-21	Total
Finalizadas	10	0	8	3	21
En revisión	0	0	0	0	0
En preparación	0	0	0	0	0
Total	10	0	8	3	21
En preparación fora de prazo	0	0	0	0	0

3.3 Conclusións da revisión das accións de mellora

A xestión das accións de mellora é moi satisfactoria. As accións de mellora que xorden do IRPD rexístranse na aplicación SGIC e son xestionadas axeitadamente.

As accións de mellora dos cursos pasados son xestionadas e finalizadas correctamente, incluíndo as valoracións finais da realización da acción. Non hai ningunha acción dos anteriores cursos académicos fóra de prazo.

4 Información Pública

Esta análise basease na lista de chequeo de Información Pública que se corresponde co rexistro de calidade “R1 DO0301 P1”.

Na revisión das ligazóns da información pública semella que houbo unha modificación da localización da información na páxina web do centro, e hai algunhas ligazóns do informe que xa non están operativas. Sería conveniente a súa consideración para vindeiros informes.

As seguintes ligazóns do PCEO non funcionan:

- Coordinador do título do PCEO
- Condicións ou probas de accesos especiais, se existen,

As seguintes ligazóns do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural non funcionan:

- Perfil de ingreso recomendado,
- Condicións ou probas de accesos especiais, se existen,
- Horarios e TFM

As seguintes ligazóns do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade non funcionan

- Condicións ou probas de accesos especiais, se existen,
- Horarios e TF